

Regulamento provincial eleccións primarias á Secretaría Xeral Provincial e Congreso Extraordinario


Socialistas



AGRUPACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN PRIMARIAS Á SECRETARÍA PROVINCIAL DA CORUÑA

1. Presentación de candidaturas

Terán dereito a participar no proceso de primarias como candidato ou candidata para a Secretaría Xeral da Agrupación Provincial da Coruña do PSdeG-PSOE, os e as militantes socialistas da provincia da Coruña que reúnan os requirimentos establecidos no presente documento.

Para alcanzar a condición de candidato/a, o/a aspirante deberá reunir o aval do 20% como mínimo e o 30% como máximo do total do censo válido para o proceso.

O período de recollida de avais terá unha duración de quince días, entre os días 3 e 17 de novembro.

Aqueles/as militantes que queiran realizar a recollida de avais para presentar a súa candidatura á Secretaría Xeral da Comisión Executiva Provincial, deberán comunicalo por escrito á Comisión Provincial de Garantías Electorais do 27 ao 30 de outubro de 2014, quen poñerá a disposición de cada un/a dos aspirantes os modelos de recollida de avais oficiais para cada candidato. Os avais recolleranse nos impresos facilitados pola Comisión Provincial de Garantías Electorais do proceso, só sendo válidos aqueles que se presenten no devandito formato.

Os impresos estipulados que se distribúan serán nominativos para cada persoa que pretenda recoller avais no seu favor.

Ninguén poderá avala a máis dunha persoa. Consideraranse avais nulos todos os emitidos por unha persoa a favor de máis dunha candidatura.

Considerarase un único aval emitido por quen asinase máis dunha vez a favor da mesma candidatura.

As persoas que desexen proceder á recollida de avais a favor dalgún dos aspirantes poderán consultar a inscrición no censo de militantes, sen que a devandita consulta poida supoñer o acceso ou a obtención a datos de carácter persoal, de conformidade co desenvolvemento lexislativo sobre Protección de Datos de carácter persoal.

Dende a Comisión Provincial de Garantías Electorais facilitáseselles o resumo numérico do censo de militantes por ámbito territorial, así como o certificado provisional e definitivo do número de avais necesario para ser proclamado candidato/a.

2. Verificación de avais e proclamación de candidaturas

A Comisión Provincial de Garantías Electorais será a encargada de velar pola validación dos avais e, en consecuencia, da proclamación como tales dos/as candidatos que reúnan os requisitos de sufraxio pasivo.

Verificados e validados os avais presentados, a Comisión Provincial de Garantías Electorais realizará a proclamación provisional de candidaturas. Contra esta proclamación provisional caberá recurso diante da propia Comisión, que deberá presentarse nun prazo de 24 horas dende a proclamación provisional e deberá resolverse nun prazo de 24 horas dende a proclamación provisional.

Os que presentasen a súa candidatura á Secretaría Xeral poderán acreditar ante a Comisión de Garantías Electorais un representante que estea presente na verificación dos avais e o recuento destes.

En ningún caso serán recorribles feitos, acordos ou decisións que non sexan determinantes na proclamación ou non como candidatura de calquera precandidatura.

Os recursos poderán interpoñerse por calquera dos aspirantes que tivese comparecido no proceso de verificación e recuento de avais. Aqueles aspirantes que non tivesen comparecido nese acto entenderanse que renuncian á súa condición de parte do proceso de consulta.

Caberá recurso en 2ª instancia ante a Comisión Federal de Garantías Electorais a presentar en 24 h. dende a resolución en 1ª instancia e que se resolverá tamén en 24 h.

Transcorrido o prazo de interposición de recursos contra a proclamación provisional de candidaturas sen que se presentase ningún, ou resoltos os interpostos, a Comisión Provincial de Garantías Electorais procederá á proclamación definitiva de candidaturas.

A elección da persoa que ostenta a Secretaría Xeral sustentarse nunha soa volta polo sistema de sufraxio, libre, secreto, directo e presencial.

3. Medios a disposición das candidaturas proclamadas

Ás candidaturas, unha vez proclamadas, facilitaráselles en igualdade de condicións os seguintes recursos:

- Comunicacións por correo electrónico a toda a militancia.
- Un enlace dende a páxina de inicio de www.socialistasdecoruna.es á súa páxina web se a tivese.

- Coordinación coa oficina de prensa provincial.

En ningún caso as candidaturas poderán acceder a datos persoais da militancia, de acordo co estipulado en desenvolvemento da lexislación de Protección de Datos de carácter persoal.

Quedan prohibidos os actos de promoción ou solicitude de voto para calquera das candidaturas o día da xornada de votación.

4. Censo electoral

O censo válido para a elección será o emitido polo Departamento Federal de Afiliación e Censo (DFAC).

A data de peche de censo para a xornada de votación será a do 13 de setembro de 2014

O censo electoral está composto por:

- A militancia do PSOE da provincia da Coruña.
- Os militantes de XSG da provincia da Coruña, que non reúna a condición anterior, calquera que sexa a súa idade.

5. Centros de votación e Mesas electorais

As Agrupacións Municipais serán os centros electorais, con excepción das que teñan un censo de menos de 5 votantes. Os militantes das agrupacións cun censo inferior a 5 votantes exercerán o seu dereito na agrupación máis próxima que teña máis de 5 militantes. A decisión de concentrar varias agrupacións municipais nun único centro electoral, corresponderá á Comisión Provincial de Garantías Electorais.

Ao celebrarse de xeito simultáneo o proceso de elección de delegados e delegadas nas Agrupacións Municipais, coa elección das candidaturas para a Secretaría Xeral da Agrupación Provincial da Coruña do PSdeG-PSOE, a mesa elixida para a Asemblea Extraordinaria actuará como Mesa Electoral para os efectos do proceso de consulta.

En todo caso, naquelas Agrupacións Municipais que superen os 500 militantes, poderase constituír unha mesa adicional para axilizar o proceso de votación e de recuento posterior, se así o determina a Comisión Executiva Municipal. Desta decisión darase traslado á Comisión Provincial de Garantías Electorais e informarase os militantes con antelación abondo.

De constituírse novas mesas electorais, estarán formadas por unha presidencia e dúas vogalías.

A elección das persoas que forman a mesa desenvolverase de acordo co Regulamento de Asambleas.

A mesa presidirá tanto a votación directa á Secretaría Xeral como a elección de delegados ao Congreso Provincial.

Habilitarase á Secretaría de Organización Municipal do centro electoral a tomar as medidas necesarias para conformar a mesa ao inicio do horario de votación, e a determinar o lugar e horarios de votación, que serán debidamente comunicados a todos/as os/as militantes e á Comisión Provincial de Garantías Electorais.

6. Apoderados

Cada candidatura poderá acreditar, dende a publicación do listado de centros electorais, ata cinco días antes da xornada de votación, diante da Comisión Provincial de Garantías Electorais, un máximo de dous militantes con dereito de sufraxio activo como apoderados dunha mesa electoral.

Os apoderados exercerán as súas funcións participando con voz, pero sen voto, en calquera Mesa Electoral.

Os apoderados votarán na Mesa Electoral na que estean censados.

7. Xornada de votación

A xornada de votación celebrarase o día 30 de Novembro de 2014 no conxunto das Agrupacións Municipais, e de xeito simultáneo ás Asembleas Extraordinarias para a elección de delegados e delegadas.

A xornada desenvolverase ininterrompidamente. As Agrupacións Municipais de máis de 20.000 habitantes que celebren primarias de elección de candidatos ás Alcaldías, adaptarán o seu horario de votación ao destas. Nas Agrupacións Municipais de máis de 20.000 habitantes que non celebren primarias de elección de candidatos ás Alcaldías e nas Agrupacións Municipais non afectadas por procesos de primarias a votación desenvolverase de 12:00 a 20.00 h. de xeito ininterrompido.

Para aqueles centros de votación de menos de 100 electores poderán establecerse xornadas reducidas de votación de carácter continuo de polo menos 4 horas de duración.

As Comisións Executivas correspondentes a cada centro de votación articularán os medios oportunos para garantir unha cabina ou estanza individual para a preparación polos/as electores, en segredo, do voto.

8. Papeletas e sobres

O voto constará de papeleta e sobre. A Comisión Provincial de Garantías Electorais aprobará os modelos oficiais de papeletas e sobres.

9. Votación

O acto de votación será persoal, segredo e presencial. Os/as militantes exercerán o seu dereito ao voto na agrupación na que están afiliados ou no centro de votación que a comisión organizadora establece para tal efecto.

Os/as electores acreditarán a súa identidade ante a Mesa, exclusivamente, mediante a presentación do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

Comprobada a presenza do elector no censo da Mesa, o elector exercerá o seu dereito a voto.

Unha vez comezada a votación só poderá permanecer no centro de votación os integrantes da mesa e os apoderados das candidaturas.

10. Peche da votación

Á hora establecida para o peche da votación, a Presidencia da Mesa anunciará o fin do acto de votación, permitindo o voto aos que, sen exercelo, se achen no centro de votación.

Posteriormente, exercerán o seu dereito ao voto os membros da Mesa.

11. Escrutinio

Concluídos os trámites anteriores e sen maior dilación, procederase ao escrutinio dos votos.

Consideraranse votos en branco os emitidos sen papeleta. Consideraranse votos nulos: os emitidos con sobres ou papeletas diferentes aos oficiais, os emitidos sen sobre, os sobres que conteñan papeletas de diferentes candidaturas, aqueles nos que, no sobre ou na papeleta, realizáranse inscricións, salvo aquelas que, pola súa entidade, non xeren dúbidas sobre a vontade do elector. Considerarase un único voto válido ao sobre que conteña varias papeletas da mesma candidatura.

Efectuado o escrutinio, a Mesa estenderá e asinará a acta cos resultados no modelo aprobado pola Comisión Provincial de Garantías Electorais do proceso.

Na acta reflectiranse as incidencias da sesión, así como as protestas das candidaturas.

A acta remitirase, ese mesmo día, á Comisión Provincial de Garantías Electorais do proceso á dirección de correo habilitada para o efecto.

12. Proclamación de resultados provisionais

Recibidos os datos do escrutinio das mesas electorais, a Comisión Provincial de Garantías do proceso proclamará o resultado provisional da elección.

Contra o resultado provisional as candidaturas poderán interpoñer recurso ante a mesma Comisión Provincial de Garantías Electorais no prazo de 24 horas dende o final do acto de votación. A devandita comisión dispoñerá dun prazo de 24 horas para resolver o devandito recurso.

Caberá recurso en 2ª instancia ante a Comisión Federal de Garantías Electorais a presentar en 24 h. dende a resolución en 1ª instancia e que se resolverá tamén en 24 h.

A Comisión Provincial de Garantías Electorais, resoltos os recursos, proclamará o resultado definitivo.

Do resultado do proceso a Comisión de Garantías Electorais dará traslado á Comisión Electoral e emitirá un ditame que será elevado ao Congreso Provincial Extraordinario.

A persoa candidata que obtivera máis votos, resultará elixida Secretaria Xeral da Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE da Coruña.

13. Nomeamento da Comisión Electoral

Coa finalidade de velar polo desenvolvemento do proceso de primarias constituirase ademais da Comisión de Garantías Electorais unha Comisión Electoral integrada por membros da CENG e da CEP que terá a seguinte composición:

Presidencia

- Valentín González Formoso

Vogais

- Luís Ángel Lago Lage
- Iván Puentes Rivera
- José Ramón Rey Couselo
- María Soledad Soneira Tajés
- Bernardo Fernández Piñeiro
- Diego Antonio Taibo Monelos

Son funcións da Comisión Electoral: asesorar e supervisar á Comisión Provincial de Garantías en todos aqueles asuntos referidos ao proceso congresual e de primarias.

A Comisión Provincial de Garantías Electorais dará traslado de todos os seus acordos e actuacións á Comisión Electoral.

CONGRESO EXTRAORDINARIO PROVINCIAL DA CORUÑA

1. Datas e lugar de celebración.

O Congreso Provincial Extraordinario da Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE da Coruña celebrarase o día 13 de decembro de 2014, na Coruña.

2. Orde do Día provisional.

1. Ditame da Comisión de Credenciais e constitución do Congreso polo Secretario de Organización da CEP.
2. Elección da Mesa do Congreso.
3. Discursos de apertura.
4. Saúdo do/a Presidente/a da Mesa do Congreso.
5. Saúdos e intervencións.
6. Elección da Comisión Electoral do Congreso.
7. Intervención do/a Secretario/a Xeral.
8. Presentación de candidaturas Órganos Provinciais.
9. Votación das candidaturas aos órganos provinciais.
10. Proclamación de resultados.
11. Clausura do congreso.

3. Peche do Censo Oficial de Militantes e criterios de asignación de delegados e delegadas.

O Censo Oficial de Militantes a utilizar en todo o proceso congresual é o pechado o **13 setembro de 2014**, data na que o Comité Federal pechou o censo para a celebración de primarias.

Os delegados e delegadas ao Congreso Provincial Extraordinario serán elixidos/as de acordo co procedemento establecido no apartado 8 c) desta convocatoria.

O baremo a utilizar na súa elección será o de un/unha delegado/a por cada 35 militantes, engadíndose un/unha máis no caso de restos iguais ou superiores a 20. Ademais, co fin de facilitar a maior participación posible da militancia no Congreso, todas as Agrupacións Municipais que figuren no Censo Federal con 5 ou máis militantes, contarán con 1 delegados/as máis.

Os membros da Comisión Executiva Provincial non poderán ser delegados ou delegadas polas súas Agrupacións.

4. Representación das Xuventudes Socialistas.

As XSG participarán no Congreso cunha delegación conformada en base á representación que lles corresponda de acordo coas normas do Partido que resultan de aplicación.

5. Representantes das Organizacións Sectoriais provinciais.

Participarán como delegados/as neste Congreso Provincial extraordinario os coordinadores e coordinadoras das Organizacións Sectoriais Provinciais constituídas ou, no seu caso, aquelas persoas que designen os seus Comités Coordinadores. Estes delegados e delegadas non participarán na elección dos órganos executivos e de control do PSdeG-PSOE.

Tamén terá representación a corrente Izquierda Socialista.

6. Participantes de movementos asociativos e colectivos progresistas.

Tamén poderán asistir a este Congreso Provincial Extraordinario os movementos asociativos, colectivos progresistas e invitados que a CEP considere oportuno, especialmente aqueles que colaboran habitualmente co PSdeG-PSOE na realización de iniciativas e actividades.

7. Elección de representantes do Comité Provincial para o sorteo de tres membros da Comisión de Credenciais.

A aplicación do artigo 19 do Regulamento Federal de Congresos determina que **"A Comisión de Credenciais estea integrada por:**

-Dous representantes nomeados pola Comisión Executiva Provincial, a proposta da Secretaría de Organización.

-Tres persoas elixidas de entre todas as delegacións polo procedemento de sorteo, non podendo pertencer dúas delas á mesma delegación. O acto de sorteo realizarase cun mínimo de dez días de antelación á celebración do Congreso, por unha Comisión composta polo Secretario de

Organización e dous membros do Comité provincial elixidos a estes efectos”.

Os/as representantes nomeados/as polo Comité Provincial para participar no sorteo dos tres membros elixidos, de entre todas as delegacións, para formar parte da Comisión de Credenciais, son as seguintes persoas:

-
-

8. Asemblea para a celebración da consulta e a elección de delegados/as.

a) Convocatoria e celebración da asemblea

Co fin de celebrar as primarias para a elección de Secretario/a Xeral Provincial prevista nesta convocatoria e proceder á elección dos delegados e delegadas que participarán no Congreso Provincial Extraordinario, as Agrupacións Municipais celebrarán o 30 de novembro de 2014, co mesmo horario previsto para o procedemento de primarias para elección de Secretario/a Xeral Provincial, unha asemblea extraordinaria, que incluírá na súa Orde do Día os seguintes puntos:

1. Constitución da Asemblea e elección de Mesa.
2. Presentación de candidaturas de delegados/as ao Congreso Provincial extraordinario.
3. Votación en urna de candidatos/as á Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE, e dos delegados e delegadas ao Congreso provincial extraordinario.

A votación de candidatos/as á Secretaría Xeral Provincial e de delegados realizarase en dúas urnas diferentes. Con este fin a Mesa da Asemblea poñerá a disposición da militancia as papeletas de votación diferenciadas, nos modelos establecidos pola Comisión Electoral, que serán as seguintes:

- Papeletas dos candidatos/as á Secretaría Xeral Provincial.
- Papeleta en branco para utilizar na votación dos candidatos/as.
- Papeletas para cada unha das candidaturas presentadas para a elección de delegados/as.
- Papeleta en branco para utilizar na votación dos delegados/as.

b) Presentación de candidaturas de delegados e delegadas

A Comisión Executiva Municipal que corresponda procederá, no seu caso, á apertura dun prazo para a presentación de candidaturas de

delegados/as. Estas deberán ser completas; é dicir, conter tantos membros como postos a cubrir. Así mesmo, as candidaturas presentadas deberán cumprir o previsto na Conferencia Política respecto a paridade, alternado militantes de ambos sexos (lista cremalleira)

No caso de que se estableza un prazo de presentación de candidaturas que finalice antes do comezo da asemblea na que se vai proceder á elección, este deberá reflectirse de forma expresa e clara na convocatoria dirixida á militancia, non podendo finalizar con máis de 24 horas de adianto respecto do comezo da asemblea.

Neste caso, a Secretaría de Organización da Agrupación Municipal será a encargada de verificar que as candidaturas presentadas cumpren os requisitos esixidos. No caso de atopar nelas algún defecto que se poida corrixir, deberá comunicarllo de maneira inmediata á candidatura afectada, outorgándolle un prazo para corrixilo que, en todo caso, finalizará no momento de inicio da celebración da correspondente asemblea.

Cando a Mesa da asemblea aprecie nas candidaturas presentadas a existencia dalgún defecto que se poida reparar, ofreceráselles ás mesmas a posibilidade de facelo, o que deberá de producirse de xeito inmediato na propia asemblea.

c) Elección de delegados e delegadas

A elección das delegacións realizarase por medio do sistema establecido no artigo 5.2 dos Estatutos Federais e Nacionais, que é o seguinte:

a) Os delegados/as dos Congresos, os/as participantes nas conferencias e os membros dos comités municipais, provinciais, insulares, rexionais ou nacionais e federal serán elixidos en listas completas, pechadas e bloqueadas. Aos distintos Congresos non poderán asistir como delegados/as os membros dos respectivos órganos executivos.

b) No caso de que existan dúas listas, a minoría que obteña como mínimo un 20 por 100 dos votos validos a candidaturas, terá unha representación proporcional a estes. En todo caso, a lista que obteña a maioría terá dereito á metade máis un dos delegados a elixir.

c) No suposto de que existan máis de dúas listas e ningunha obteña a maioría, a máis votada terá dereito a unha representación da metade máis un dos cargos a elixir, repartíndose o resto proporcionalmente entre as demais candidaturas que superen o 20%.

Con carácter xeral, para poder ser elixido delegado/á o Congreso Provincial haberá que ser militante do PSOE, estar en posesión de todos os dereitos como tal e estar inscrito no Censo de militantes válido para o Congreso Provincial Extraordinario.

A incompatibilidade entre a condición de membro da CEP e a asistencia a este Congreso Nacional extraordinario, non desaparece polo abandono da CEP cando este se produza unha vez convocado o proceso congresual.

d) Envío de actas e fichas de delegados e delegadas

O envío da acta realizarase o mesmo día da elección, e as fichas dos delegados e delegadas remitiránse **antes do día 2 de decembro**.

CALENDARIO PREVISTO PARA PRIMARIAS PARA ELECCIÓN SECRETARIO/A PROVINCIAL E CONGRESO EXTRAORDINARIO PROVINCIAL

DATAS	ACTIVIDADE
18 DE OUTUBRO	Aprobación da convocatoria polo Comité Provincial.
ANTES DO 24 DE OUTUBRO	Envío da convocatoria ás Agrupacións Municipais.
DO 3 Ó 17 DE NOVEMBRO	Recollida de avais e presentación da documentación por parte dos/as candidatos/as á Secretaría Xeral.
18 DE NOVEMBRO	Proclamación provisional de candidatos/as á Secretaría Xeral.
DO 18 Ó 22 DE NOVEMBRO	Presentación de posibles recursos.
22 DE NOVEMBRO	Proclamación de candidatos/as á Secretaria Xeral.
23 Ó 29 DE NOVEMBRO	Información interna por parte dos candidatos e candidatas.
30 DE NOVEMBRO	Votación para as primarias e elección de delegados/as ó Congreso Provincial. Resultados Provisionais. Envío da acta á Comisión de Garantías Electorais.
1 DE DECEMBRO	Proclamación resultados provisionais.
ANTES DO 2 DE DECEMBRO	Envío das fichas das delegacións escollidas.
DO 1 Ó 4 DE DECEMBRO	Recursos.
5 DE DECEMBRO	Resolución de recursos e Proclamación de resultados definitivos.
13 DE DECEMBRO	Congreso Provincial extraordinario.